

“MUNDOS RURAIS EMERXENTES: NOVAS ENCRUCILLADAS E RETOS FUTUROS”

Os encontros de investigación “Mundos Rurais Emerxentes”, organizado polo Grupo de Estudos Territoriais (GET) da Universidade da Coruña, indagan nos recentes procesos de desconfiguración e reconfiguración social de territorios rurais ao longo das dúas primeiras décadas do século XXI. Dende a súa multifuncionalidade como espazos de produción agraria ou enerxética, de tránsito, de recreación e uso turístico, ou como provedor de recursos ás cidades (por exemplo, auga) ou receptor de lixo urbano, distintos mundos rurais fóronse configurando e reinventando de moitas maneiras distintas, transformándose, mutando, aparecendo e desaparecendo a medida que as súas funcións ían cambiando.

A través destes *Encontros* anuais buscamos debater e analizar unha diversidade de casos e experiencias que nos sirvan para aproximarnos ao devir destes contextos, tan diversos e complexos e entender mellor cara a onde se dirixen no futuro. Cuestións como o despoboamento, a alteración dramática pola minería ou os vertedoiros, a intensificación e concentración da produción alimentaria, a creación de parques eólicos e outras mega-infraestruturas, como autovías e ferrocarrís de alta velocidade, fálannos de espazos tensionados e ameazados. Pero non son os únicos procesos que se dan nestes territorios. Novas formas de produción agroecolóxica, redes de coidados e novos movementos sociais, revalorización da vida campesiña e o bo vivir, son tamén exemplos de alternativas, colaboracións e resistencias que debemos ter en conta á hora de coñecer e comprender mellor as características presentes destes territorios.

A edición 2020 destes *Encontros de Investigación* están adicadas á promoción do diálogo e o intercambio de coñecementos, perspectivas e experiencia, como condición para a xeración de colaboracións dentro e fóra do mundo académico.

PROGRAMA DÍA 2

“Novas formas de vida no rural”

Data, hora e lugar: 16 decembro, de 15.00 a 19.30h

15.00 – 15.15 - Benvida: **José A. Cortés Vázquez**, (Universidade da Coruña):
Mundos rurais emerxentes e novas formas de vida no rural

15.15 – 15.45 - **Stefanía Barca** (Centro de Estudos Sociais - Universidade de Coimbra):
Alimentação e transição ecológica na perspetiva feminista

15.45 – 16.15 - **Patricia Homs** (Universitat de Barcelona e L'Aresta Cooperativa):
Redes agroecológicas en Catalunya en tempos de COVID-19

16.15 – 16.45 - **Emilio Carral Vilariño** (Universidade de Santiago de Compostela):
O pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa: o caso galego

16.45 – 17.15 - **Bibiana Martínez Álvarez** (Universidade da Coruña):
Procurando unha vida digna. Prezo xusto e sustentabilidade nas granxas familiares de leite en Galiza.

17.15 – 17.45 - Descanso

17.45 – 18.15 - **Jaume Franquesa** (University of Buffalo):
Extrema derecha y mundo rural europeo

18.15 – 18.45 - **Manuel García Docampo** (Universidade da Coruña):
Vivir no campo e vivir do campo

18.45 – 19.15 - **Lourenzo Fernández Prieto e David Soto** (Universidade de Santiago de Compostela):
Transición socio-ecolóxica e desagrarización. Retos e oportunidades para a agricultura galega

19.15 – 19.30 - Peche da xornada: **José A. Cortés Vázquez**

Máis información:

Os eventos están organizados polo Grupo de Estudos Territoriais (GET) da Universidade da Coruña. Email de contacto: j.a.cortes@udc.es. Colaboran en la organización el grupo de Historia Agraria y Política del Mundo Rural y el Grupo de Estudios de Historia Empresarial e Sectorial. Pesca, Industria e Comercio, de la Universidade de Santiago de Compostela.

Todas as actividades son semi-presenciais, aínda que para seguirlas de forma semi-presencial é necesario invitación, ao ter aforo limitado polas medidas anti-COVID19. Todas as actividades poderán seguirse online e sen invitación.

Localizacións:

Virtual – Teams (evento aberto)

https://teams.microsoft.com/join/19%3ameeting_Mzk3MGYwZjQtY2U3NS00Mjg3LWE2MzctNzFkMGVmM2Q3ZTVl%40thread.v2/0?context=%7b%22id%22%3a%22cea1ea3e-60b2-4f75-a6c2-a6022e8f961b%22%2c%22oid%22%3a%22bb8d3f81-c40a-49c5-9bc2-bca51ee8bf82%22%7d